



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Carlos Mollinedo Lois
Federico Fernández Fernández
Antón García Fernández
Cándido Pérez Betanzos

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Manuel Velasco Graña
Carmen Serra Rodríguez

U.G.T.

Juan José Fernández
Pablo Álvarez Rodríguez (DS)*

DELEGAN VOTO

Aser Fernández Rey

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo

*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 23 de marzo de 2007, ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Intercambio de vacacións.
5. Valoración do acordo de Convenio. Situación dos TEI
6. Rogos e Preguntas.

Antes de pasar o primeiro punto o Presidente da conta dos votos delegados que para esta sesión é o debidamente enviado por Aser Fernández que delega en Manuel Velasco.

1) Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.

Apróbanse as actas extraordinarias das sesións celebradas os días 19 de xaneiro e 12 de febreiro e a ordinaria da sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2007.

2) Informe do Presidente.

O Presidente da conta dos seguintes asuntos:

- Da contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- Da execución dos acordos da reunión anterior:
 - o Elaboración dun modelo de solicitude do complemento de antigüidade do persoal contratado
- Do tratado na Comisión Permanente de 14 de marzo de 2007: Convocatoria de referendun.
- De asuntos relacionados co laudo arbitral.
- Do Convenio asignado coa fundación INTEGRA para a realización de prácticas formativas para discapacitados.
- Da subvención concedida pola EGAP para formación.
- Da sentenza da RPT do PAS funcionario.
- Da sentenza do TSXG sobre a demanda de TE xardinería.
- De asuntos de persoal relacionados coas seguintes persoas:
 - o Sara M^a Liste Carmueja e outros.
 - o José Luis Vidal e outros.
 - o M^a Jose Montero Vilariño.

(Neste momento Federico Fernández abandona a reunión ás 11:54 e delega o seu voto en Cándido)

3) Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

Comisión de Acción Social.

Victoria Alonso da conta do acontecido na reunión que tivo lugar o 22 de marzo. Na sesión deste día tratáronse asuntos relacionados coa adopción internacional e as peticións realizados por algúns membros de matizar máis as causas de exclusión nos distintos apartados de axudas. Asemade tratáronse distintas peticións de



anticipos e a solicitude dun curso de ortofonía para o PDI. Por último, dan conta de que o día 23 sairán os listados provisionais da acción social correspondente ao ano 2006.

4) Intercambio de vacacións.

Carlos Mollinedo, representante do CI no intercambio de vacacións informa dos problemas que está a dar a xestión desta actividade e en concreto dos problemas que produce o persoal non incluído no capítulo I.

5) Valoración do acordo de Convenio. Situación dos TEI.

Este asunto chega ao Pleno por petición de tres dos catro TEI (xestión de redes e sistemas informáticos) ao sentirse discriminados co establecido no IIº Convenio.

Cándido Pérez, abre o debate, afirmando que este persoal son técnicos de laboratorio pois así se afirmou, reiteradamente, en distintas paritarias. Asemade, lembra que este persoal foi seleccionado a través dun proceso específico distinto ao dos TEI (TETIC).

Carlos Mollinedo, expresa o seu convencemento de que este persoal foi seleccionado como persoal de laboratorio e que calquera beneficio que se lles concedera sería un agravio para as outras categorías encadradas na citada denominación, pois non debe de haber diferencias dentro dun mesmo grupo.

Carmen Serra, expresa o seu apoio á petición realizada polos compañeiros.

[Chegado este momento, Cándido Pérez insta a Pablo Álvarez a sentarse na súa cadeira advertíndolle, literalmente, que se segue a interromper debate verase na obriga de suspender a sesión. (Pablo facía algúns minutos que estaba de pé paseando a súa natural inquietude e dende esa posición facía as intervencións). O increpado négase a acatar o mandato e presidente decide suspender a reunión. Días máis tarde, a petición do secretario acordouse continuara na sesión do 29 do mesmo mes]

SEGUNDA PARTE (29/03/07)

Carmen Serra, ao non poder estar presente nesta segunda parte delegou o seu voto en Manuel Velasco.

Manuel Velasco, propón votar a seguinte proposta: “Que se homoxeinize a categoría dos TEI (Xestión de redes e sistemas informáticos) do Iº Convenio Colectivo á categoría de TETIC do IIº Convenio (pendente de sinatura por parte da Universidade e os sindicatos) a todos os efectos: económicos, de promoción e concurso de traslados”. Acéptase decidir deste xeito e prodúcese o seguinte resultado: votos a favor: 5; votos en contra: 4.

Queda aprobada a proposta por maioría absoluta do membros presentes. Cándido Pérez, Antón García e Federico Fernández comunican que emitiran un voto particular (engadidos a esta acta).



6) Rogos e preguntas.

- Manuel Velasco expresa a necesidade de solicitar unha reunión co xerente para falar dos asuntos pendentes ou cando menos dos seguintes: do abono e recoñecemento dos trienios do persoal contratado, dos problemas que se están a dar para que os TSTIC que aprobaron a última oposición ocupen as súas prazas, da dificultade que ten o persoal de transporte e distribución para cobrar as horas que se lles deben,
- Federico Fernández pregunta por que o censo completo estivo accesible na web do intercentros [Manuel Velasco respóndelle que para cumprir o mandato do acordado na extraordinaria sobre o referendun e para que todas as conserxerías recibiran a tempo os censo, colgouno na web e chamou a todas as conserxerías dando instrucións de que o imprimisen o máis axiña posible pois non ía estar máis dunha hora accesible. Debido a un erro á hora de retirar o enlace e a problemas da rede ese día, os censos quedaron en accesibilidade ata o día seguinte.]
- Federico Fernández, pregunta tamén polo concurso de traslados e propón unha modificación puntual da RPT para incorporar as prazas de ATSX cubertas en interinidade.
- Manuel Velasco, pregunta que se vai a facer coa OFOE pois ven de saber que este ano a Xunta non concede axudas a fundacións.

Acordos:

“Que se homoxeinize a categoría dos TEI (Xestión de redes e sistemas informáticos) do Iº Convenio Colectivo á categoría de TETIC do IIº Convenio (pendente de sinatura por parte da Universidade e os sindicatos) a todos os efectos: económicos, de promoción e concurso de traslados”.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)

VOTOS PARTICULARES

En relación coa proposta “Que se homoxeinice a categoría de TEI (xestión de redes e sistemas informáticos) DO Iº Convenio á categoría de TETIC do II Convenio a todos os efectos económicos, promoción e concurso de traslados” feita por Manuel Velasco no



punto quinto da orde do día da reunión do Comité Intercentros do 23 de marzo, presento o seguinte voto particular:

As razóns que motivan a miña posición contraria a aprobación da proposta son

1. A falta de respecto a unidade sindical e ao respaldo maioritario que recibiu o preacordo para o II Convenio colectivo do PAS laboral. De atenderse a pretensión contida na proposta producirase unha modificación do preacordo.
2. A falta de coherencia co recollido no texto do preacordo, pois dunha parte, o artigo 35 compromete a realización dun estudio e valoración dos postos de traballo, e doutra a disposición adicional nona, recolle o compromiso de creación no grupo II da vindeira RPT dunha nova categoría de técnico medio.
3. A Comisión Paritaria do I Convenio para o PAS laboral ten acordado que as categorías de TETIC e TEI (xestión de redes e sistemas informáticos) son distintas e non equivalentes.

Antón García Fernández
Cándido Pérez Betanzos

Federico A. Fernández Fernández, emite un voto particular xa que:

A equiparación de categorías de TEI e TETIC xa foi tratada nunha Comisión paritaria de interpretación do I Convenio Colectivo.

Supón unha modificación sustancial do contrato de traballo, que debe ter a súa repercusión na Relación e Postos de Traballo (RPT), e os afectados non teñen manifestado a súa postura o respecto.

Supón unha discriminación cos demais Técnicos de laboratorio adscritos a un departamento, escola ou facultade, e máis cando hai postos con igual denominación que tiveron procesos selectivos diferentes cando o seu temario era o mesmo, ou ben outras cunha grande similitude, pero con diferentes xornadas de traballo. Ademais isto suporía que se abriría a posibilidade de que cada quen decida se o seu posto ten ou non xornada partida.

No II convenio haberá unha valoración dos postos de traballo, artigo 35 que pode posibilitar o lema “igual traballo , igual salario”.

Isto supón unha alteración do texto refrendado para o II convenio colectivo.

Con todo isto valora de xeito negativo a proposta.

Vigo 29 de marzo de 2007